



Confederación Intersindical Galega
Sección Sindical CIG Telefónica
Convenio Colectivo 2008

O PARO, UN ÉXITO

A CLAVE: A INFORMACIÓN

O paro do día 29 en todo o estado tivo unha importante repercusión porque paramos 4822 compañeiras e compañeiros no paro de 3.5 horas, e máis de 300 en Madrid no paro de 7.5 horas, segundo os datos da empresa.

O seguimento está directamente relacionado coa información, nas provincias nas que hai presenza das forzas convocantes, a incidencia foi moito máis importante. Aínda hoxe hai provincias nas que non se celebraron asembleas de Comité e nas que os traballadores teñen moi pouca información sobre os obxectivos da empresa nesta negociación, e das graves repercusións para as nosas condicións laborais e salariais.

Aínda así, superando moitos atrancos e as accións desmobilizadoras, descontando os servicios mínimos e os fora de convenio o paro supuxo un 25% aproximadamente no global do estado. Son de destacar os datos de Madrid, Barcelona, Guipúscoa, Pontevedra, A Coruña, Biscaia, Navarra, Tenerife... En Galiza, estes datos serían:

- A Coruña: 35 %
- Pontevedra: 28 %
- Lugo: 11 %
- Ourense: 3 %

O próximo día 5 de xuño temos ocasión de incrementar esta porcentaxe e converter a nosa oposición aos plans da empresa na voz dominante na Negociación colectiva.

Ademais de parar son necesarias máis actuacións, por eso debes participar na concentración convocada fronte á central de Riazor ás 12:30 horas.

**MOBILIZATE E PARTICIPA, O FUTURO DAS NOSAS
CONDICIÓNS LABORAIS ESTÁ EN XOGO**

Galiza, 3 de xuño de 2008